

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 2 de agosto de 2006 pola que se convocan para o ano 2006 as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito de colaboración coas entidades locais.

A Comunidade Autónoma de Galicia, desde o 1 de xaneiro de 1998 e mediante o Decreto 289/1997, ten asumida a transferencia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e mais o Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

A aplicación das políticas activas de emprego segue as directrices europeas de emprego elaboradas pola Comisión Europea co fin de lograr unha estratexia de acción común. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local desde a perspectiva de que existen novos filóns de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

Consecuentemente con estas previsións, os programas de cooperación tratan de dar un enfoque global ás liñas de fomento do emprego público ou institucional, desde a dobre perspectiva de dinamización e xeración de novas actividades no medio local e rural e de servir de ferramenta para a mellora da empregabilidade, a través da adquisición de experiencia profesional, das persoas traballadoras desempregadas que participen neles.

A constitución dun contorno local propicio á creación de emprego require o desenvolvemento dun conxunto de funcións esenciais como son a animación, o estímulo e a innovación. Para que estas funcións se poñan en práctica é fundamental a presenza de axentes de emprego e desenvolvemento local, coa formación e experiencia adecuada que lles permita utilizar unha metodoloxía común e que poidan desempeñar diversas tarefas como promotores de actividades, prospectores de mercado e asesores puntuais de proxectos de empresa. Neste senso, púxose en marcha a web da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia (www.tecnicosempregogalicia.xunta.es), co obxectivo último de proporcionarlles un instrumento de apoio de alto valor engadido para que, pola repercusión directa que o seu traballo ten no aproveitamento das oportunidades locais de emprego, poidan desempeñar as súas funcións nas mellores condicións posibles.

Desde esta perspectiva faise necesario potenciar o papel das entidades locais como motores da creación de emprego e apoiar decididamente a constitución de

pequenas e medianas empresas, dado que a súa existencia favorece un tecido empresarial máis estable, a diversificación de actividades e, sobre todo, un crecemento económico sostido.

En coherencia coa planificación presentada ante o Comité Autonómico de Emprego, na súa reunión do día 18 de xaneiro de 2006, introdúcense criterios obxectivos para a distribución territorial dos fondos e establécense, a título orientativo, mentres non se dispoña dos instrumentos necesarios para relacionar as persoas demandantes coas distintintas medidas e programas (itinerarios de inserción), as porcentaxes indicativas dos colectivos prioritarios de beneficiarios das políticas activas de emprego.

Noutra orde de cousas, esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación na concesión de axudas e subvencións.

De conformidade co previsto no citado texto refundido, o financiamento destas axudas realizarase con cargo aos créditos que figuran na aplicación orzamentaria 16.02.241A.460 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, por un importe de 5.750.000 €.

Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe favorable da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas e da Intervención Delegada e, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto e financiamento.**

1. Esta orde ten por finalidade o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria, en réxime de concorrencia, das axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, no ámbito da colaboración da Consellería de Traballo coas entidades locais, a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego no ámbito local.

2. O financiamento deste programa efectuarase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, a través dos créditos consignados na aplicación 16.02.241A.460, por un importe de 5.750.000 €.

3. A distribución de créditos para o financiamento das axudas e subvencións previstas nesta orde será directamente proporcional ao número de persoas paradas e á evolución do paro rexistrado no período 2001-2005 e inversamente coa evolución da poboación no citado período.

4. As axudas concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, debéndose someter as entidades ao cumprimento das obrigas relacionadas coas medidas de publicidade impostas polo regulamento da comisión (CE) nº 1159/2000, do 30 de maio.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas e subvencións previstas nesta norma as entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local que non incorran nas circunstancias establecidas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-Definición e funcións dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

1. Os axentes de emprego e desenvolvemento local configúranse como persoal contratado polas entidades locais ou entidades dependentes ou vinculadas a unha Administración local, que teñen como misión principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial.

2. A colaboración na implantación das políticas activas de emprego desenvolverase conxuntamente entre a entidade contratante e a Consellería de Traballo, seguindo as directrices fixadas por esta, para o que os axentes de emprego e desenvolvemento local contratados:

a) Analizarán a evolución e repercusión das medidas activas de emprego na súa zona de actuación, facilitándolle información puntual a aquela.

b) Colaborarán co resto dos integrantes da rede, na procura da mellora da súa calidade, intercambiando coñecementos e experiencias, así como desenvolvendo actividades e proxectos conxuntos.

3. Os axentes de emprego e desenvolvemento local realizarán as seguintes funcións:

a) Xestionar axudas para favorecer o emprego, centrándose sobre todo naqueles colectivos con maiores dificultades á hora de conseguir emprego.

b) Informar as empresas dos instrumentos de promoción e fomento da competitividade empresarial dispoñibles, así como facilitar o seu acceso a estes.

c) Promover a cultura emprendedora fomentando iniciativas empresariais e apoiando novos proxectos de autoemprego individual ou colectivo, informando das medidas de apoio existentes e poñendo en relación persoas emprendedoras e recursos.

d) Comunicarlles a empresas e persoas emprendedoras as subvencións para a formación e o emprego, así como facilitar o acceso a elas.

e) Facilitar a inserción laboral das persoas demandantes de emprego, en especial das participantes en políticas activas de emprego, identificando as necesidades de persoal das empresas a curto e medio prazo e proponendo accións de mellora da empregabilidade da poboación desempregada.

f) Observación estratéxica do territorio e realización de estudos co fin de detectar necesidades formativas e educativas da poboación desempregada.

g) Contribuír ao desenvolvemento socioeconómico do territorio mediante:

-A prospección de recursos ociosos ou infrautilizados e de proxectos empresariais de promoción económica e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego.

-A difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividades entre persoas desempregadas, promotores e promotoras, persoas emprendedoras e institucións colaboradoras.

-O acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

-O apoio aos promotores e ás promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos/as tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento.

Artigo 4º.-Contía máxima e duración da subvención.

1. A contía máxima das subvencións que se concederán por cada axente de emprego e desenvolvemento local será a equivalente ao 80 por 100 dos custos laborais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos co límite máximo de 27.046 € anuais por cada contratación subvencionada.

2. A subvención prevista no parágrafo anterior concederáse por un período dun ano, podendo prorrogarse a subvención para a contratación do axente de emprego e desenvolvemento local por iguais períodos ata un máximo de catro anos, precisándose para cada ano unha nova solicitude e concesión de subvencións.

3. Transcorrida a dita duración máxima de catro anos, a contratación do mesmo axente de emprego e desenvolvemento local poderá ser subvencionada sempre que esta contratación se realice por distinta entidade local ou entidade dependente ou vinculada.

4. A subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local prevista nesta orde será incompatible con outras subvencións ou axudas, con independencia do seu importe, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e procedemento.

1. As solicitudes de subvención cubriranse no modelo oficial que figura como anexo I desta orde, que para todos os efectos se entenderá como parte integrante dela.

2. As solicitudes, en modelo oficial e dirixidas ao/delegado/a provincial da Consellería de Traballo para a súa resolución de conformidade co disposto no artigo 8º, poderanse presentar no Rexistro Xeral da Consellería de Traballo e das súas delegacións provinciais, así como en calquera outro rexistro da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado, dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan subscrito o oportuno convenio (Portelo Único) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, os modelos de solicitude, independentemente da súa publicación como anexos a esta orde, poden atoparse na páxina web institucional da Xunta de Galicia (www.xunta.es), na páxina de emprego.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

4. As solicitudes, que en todo caso deberán ser subscritas polo titular ou representante legal da entidade local beneficiaria, debidamente acreditado, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

I. Certificación do secretario da entidade solicitante en que conste:

a) A representación que desempeña a persoa que asina a solicitude.

b) A disposición de financiamento para pagar a parte non subvencionada pola Consellería de Traballo.

c) A aprobación, polo órgano competente, do proxecto para o cal se solicita a subvención.

II. Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

III. Unha memoria do plan de acción para o emprego que desenvolverá cada axente ou grupo de axentes de emprego e desenvolvemento local, que recollerá, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Breve diagnose socioeconómica da zona de actuación:

-Delimitación da zona de actuación.

-Presentación das principais características socioeconómicas, moi especialmente daquelas referidas á estrutura da súa poboación, ao sistema produtivo e ao mer-

cado de traballo, entre outros: evolución histórica nos últimos anos, situación actual e perspectivas de futuro.

-Nivel de implantación das políticas activas de emprego: evolución histórica nos últimos anos, situación actual e perspectivas de futuro.

-Oportunidades e ameazas que ofrece o territorio cara á estratexia que se establece para a creación de emprego mediante o impulso da iniciativa empresarial.

b) Definición do plan de acción:

-Obxectivos.

-Descrición detallada do conxunto de actividades e servizos que promoverán o/s axente/s de emprego e desenvolvemento local.

-Organización de actos, edición de material promocional e didáctico, atención de peticións de información e asesoramento, tutoría e acompañamento de proxectos empresariais xeradores de emprego, realización de estudos, deseño e xestión de proxectos de dinamización local, implantación e seguimento dos programas de promoción do emprego, etc.

-Colaboracións previstas con axentes socioeconómicos e outras institucións cara ao desenvolvemento do plan de acción.

-Calendario previsto para a execución das actividades e servizos contidos no plan de acción, en especial daqueles que teñan un carácter puntual.

-Resultados previstos para cada unha das actuacións e servizos do plan de acción, expresados tanto en termos cualitativos como cuantitativos. Incluírase unha mención específica sobre os beneficiarios potenciais daquelas, caracterizando, na medida do posible, o seu público obxectivo.

c) Definición do plan de adaptación e operativo do/s axente/s de emprego e desenvolvemento local:

-Número e perfil profesional do/s axente/s de emprego e desenvolvemento local que se contratarán (incluír a duración estimada do contrato).

-Funcións e tarefas que desenvolverá/n o/s axente/s de emprego e desenvolvemento local na posta en práctica do conxunto de actividades e servizos previstos no plan de acción (incluír o horario de atención ao público).

-Pautas e ferramentas metodolóxicas que utilizarán o/s axente/s de emprego e desenvolvemento local para desenvolver as actividades e servizos previstos no plan de acción.

-Instrumentos, infraestruturas e recursos humanos que se porán á disposición do/s axente/s para o desenvolvemento do plan de acción (descrición do local de traballo, do equipamento informático, do material de apoio, así como do servizo ao cal se incorporan o/s axente/s de emprego e desenvolvemento local e as relacións de colaboracións que se establecen cos demais departamentos da entidade beneficiaria).

-Plan de formación que se prevé desenvolver en favor do/s axente/s de emprego e desenvolvemento local co obxectivo de completar ou actualizar os seus coñecementos actuais.

IV. Declaración en que se recolla o conxunto de todas as axudas ou subvencións que teñan solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas competentes no modelo que se publica como anexo II.

V. Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiarios/as, segundo o artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no modelo que se publica como anexo III.

VI. Ficha de solicitude de transferencia bancaria, no modelo que se publica como anexo IV.

Artigo 6º.-Procedemento.

1. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos exixidos ou a documentación achegada contivese erros ou fose insuficiente, a delegación provincial requirirá o solicitante para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se considerará desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

2. Revisados os expedientes, e completados, de ser o caso, remitiránse á Comisión de Valoración para o seu estudo e proposta de resolución.

3. Para os efectos previstos nesta orde, a Comisión de Valoración estará composta por:

-O secretario/a provincial da respectiva delegación, que a presidirá.

-Como vogais:

* O xefe/a do Servizo de Promoción do Emprego.

* Un técnico ou técnica do dito servizo, actuando este último como secretario ou secretaria.

Artigo 7º.-Criterios de valoración das solicitudes.

Para efectuar a selección das entidades beneficiarias das axudas previstas nesta orde, a Comisión de Valoración prevista no artigo anterior terá en conta os seguintes criterios de valoración:

a) Número de desempregados existentes no ámbito territorial da entidade solicitante; ata cinco puntos.

b) Poboación susceptible de ser atendida; ata cinco puntos.

c) Grao de participación dos axentes económicos e sociais con presenza no territorio na elaboración do contido e posterior desenvolvemento do plan de acción para o emprego que desenvolverá cada axente ou grupo de axentes de emprego e desenvolvemento local e vinculación dos ditos plans de accións, con pactos locais ou territoriais de emprego; ata cinco puntos.

d) O grao de incidencia que na creación de postos de traballo terán as actividades que desenvolverán os axentes de emprego e desenvolvemento local; ata tres puntos.

e) O establecemento de obxectivos operativos relacionados coa creación de empresas e o fomento da cultura emprendedora; ata tres puntos.

f) Solicitudes que agrupen máis dun concello ou que se dirixan a importantes núcleos poboacionais; ata tres puntos.

g) Proxectos que na súa realización posibiliten a integración laboral dos colectivos máis desfavorecidos no mercado laboral; ata tres puntos.

Artigo 8º.-Resolución e recursos.

1. Cumpridos os trámites que procedan para a instrución do procedemento e fiscalizada a proposta pola respectiva Intervención Territorial, o/a delegado/a provincial, por delegación do conselleiro de Traballo, ditará a resolución que proceda, que se lles deberá notificar aos interesados, nos termos previstos no artigo 58.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A resolución que poña fin ao expediente de solicitude conterá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Duración e data de inicio.

b) Contía da subvención que se vai outorgar.

c) Referencia ao 70% do cofinanciamento da subvención concedida pola Unión Europea a través do Fondo Social Europeo, Programa Operativo Fomento do Emprego (PO 2000 ES 051 PO 017).

3. O prazo para resolver será de seis meses, computados a partir da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver. Transcorrido o prazo para resolver o procedemento sen que se ditase resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria, de acordo co disposto no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A resolución estimatoria ou desestimatoria, ditada polo/a delegado/a provincial, esgota a vía administrativa, polo que, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se fose expresa; se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, agás nos casos en que procederá o requirimento regulado nos tres primeiros puntos do artigo 44 da devandita lei, en que o prazo se contará desde o día seguinte a aquel en

que se reciba a comunicación do acordo expreso ou se entenda presuntamente rexeitado.

5. O crédito liberado polas renunciacións ou revogacións das subvencións outorgadas destinarase, se é o caso, á concesión de subvencións daqueles proxectos que, por insuficiencia de crédito, non chegaron a obter subvención.

Artigo 9º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación ou revogación, respectivamente, da resolución de concesión.

Artigo 10º.-Selección dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

1. Con carácter xeral, a selección dos axentes de emprego e desenvolvemento local, que deberá realizarse no prazo de 15 días desde a notificación da resolución de concesión, corresponderalle á entidade beneficiaria da subvención, logo da presentación de oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. En caso de non existiren candidatos idóneos entre os remitidos polo Servizo Público de Emprego, a entidade beneficiaria poderá acudir a outros procedementos de selección, de conformidade coa normativa vixente na materia, sempre que se garanta a idoneidade e o cumprimento dos requisitos dos candidatos mencionados no parágrafo seguinte.

3. Para seren seleccionados como axentes de emprego e desenvolvemento local, as persoas candidatas deberán figurar como demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e, deberán, necesariamente, ter superado con éxito os estudos de segundo ou primeiro ciclo de educación universitaria, valorándose a experiencia profesional, así como os coñecementos extraacadémicos adquiridos en cursos monográficos de desenvolvemento local ou proxectos de emprego.

4. Non será necesaria a presentación de oferta xenérica cando a persoa que se contrate estea prestando servizos na entidade beneficiaria da subvención e cumpra os requisitos establecidos no parágrafo anterior.

Artigo 11º.-Contratación dos axentes de emprego e desenvolvemento local.

1. Os axentes de emprego e desenvolvemento local, seleccionados de conformidade co procedemento establecido no artigo 10º desta orde, serán contratados a tempo completo pola entidade local ou entidade dependente ou vinculada, mediante a modalidade contractual máis adecuada, de acordo coa normativa vixente.

2. A concesión e desfrute destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Xunta de Galicia.

Artigo 12º.-Adaptación inicial e actualización permanente da súa formación.

1. As entidades beneficiarias propiciarán a adaptación dos axentes de emprego e desenvolvemento local aos seus postos de traballo facilitándolles a metodoloxía e o material de apoio, así como o equipamento e recursos necesarios para o mellor desenvolvemento das súas funcións, ademais do acceso á formación que se estableza.

2. A Consellería de Traballo poderá comprobar a idoneidade dos mencionados procesos de adaptación e, co obxecto de garantir a actualización permanente dos axentes de emprego e desenvolvemento local, poderá organizar, con medios propios ou alleos, as actuacións necesarias para o seu cumprimento.

Artigo 13º.-Xustificación e pagamento.

1. O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida, o que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Orixinais ou copias compulsadas dos respectivos contratos de traballo formalizados e debidamente comunicados.

b) Orixinais ou copias compulsadas dos partes de alta ou certificación que acredite a alta na Seguridade Social dos traballadores contratados.

c) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público nacional ou internacional no modelo que se publica como anexo II.

d) Os datos relativos á titulación e experiencia profesional do axente de emprego e desenvolvemento local, debidamente acreditados, así como os custos da contratación, indicando o salario bruto desagregado por conceptos e a cotización empresarial á Seguridade Social, no modelo que se publica como anexo V.

e) Se é o caso, certificación do secretario da entidade solicitante sobre os resultados da presentación de oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego.

2. A documentación xustificativa deberá remitírselle á respectiva delegación provincial no prazo dun mes desde o inicio da contratación e, con carácter xeral, como data límite o 31 de decembro do ano 2006.

Artigo 14º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias virán obrigadas a:

1. Poñer á disposición dos axentes de emprego e desenvolvemento local todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipamentos informáticos precisos (incluído lector de CD-Rom), así como acceso á internet e correo electrónico.

2. Remitirlle á delegación provincial da Consellería de Traballo a seguinte documentación:

a) Unha memoria descritiva das actividades realizadas polo/s axente/s de emprego e desenvolvemento local

en cada ano natural, no modelo normalizado que para o efecto estableza a Dirección Xeral de Promoción do Emprego. Esta memoria presentárase durante o mes de xaneiro do ano seguinte, agás que o/s axente/s remate/n antes a súa prestación de servizos. Neste caso, a memoria deberá remitirse con anterioridade á finalización do contrato.

b) No prazo de dous meses seguintes á finalización de cada período anual subvencionado, copias compulsadas das nóminas aboadas ao/s axente/s e dos boletíns de cotización á Seguridade Social (modelo TC-2).

c) Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Traballo, e pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Consello de Contas, así como ás que poida efectuar, de ser o caso, a Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, no suposto de cofinanciamento polo Fondo Social Europeo.

d) Darlle publicidade á actuación, así como á utilización do logotipo da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, nos distintos elementos de comunicación, segundo establece o artigo 16º.

e) Comunicarlle á Consellería de Traballo a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público nacional ou internacional.

f) Cumprir as demais obrigas que poidan derivar da normativa de desenvolvemento desta orde.

Artigo 15º.-Revogación.

O incumprimento total ou parcial de calquera das obrigas, condicións ou finalidades establecidas nesta orde dará lugar ao reintegro total ou parcial, segundo proceda, da subvención percibida e mais os xuros de demora, nas condicións e de conformidade co establecido no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 16º.-Publicidade.

1. Para efectos de identificación e de difusión da rede de axentes de emprego e desenvolvemento local, no prazo dun mes desde a contratación, a entidade beneficiaria deberá colocar, de forma visible, nas dependencias en que presta os seus servizos o axente de emprego e desenvolvemento local, unha placa identificativa, no modelo normalizado que se establece no Manual de Identidade Corporativa da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, e que facilitará, de ser o caso, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en que constará o cofinanciamento pola Consellería de Traballo e polo Fondo Social Europeo.

2. Para os efectos de ofrecer unha imaxe unificada e global da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, cara aos usuarios dos seus servizos en toda a comu-

nidade autónoma, que permita unha mellor e máis rápida identificación destes, deberán utilizar o conxunto de normas gráficas recollidas no Manual de Identidade Corporativa da Rede de Técnicos de Emprego de Galicia, para a utilización do logotipo da rede, nos distintos elementos de comunicación.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario tendo como límite global a cantidade de 5.750.000 € prevista na aplicación 16.02.241A.460 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Segunda.-As axudas concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 70%, encontrándose dentro do Programa Operativo Fomento do Emprego (PO 2000 ES 051 PO 017).

Terceira.-Para a concesión de subvencións pola contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local de conformidade co establecido nesta orde, non se terán en conta os períodos de contratación subvencionada anteriores á súa entrada en vigor para os efectos das limitacións establecidas no seu artigo 4º.

Cuarta.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos.

Quinta.-Se, por calquera causa, no momento no que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o/a delegado/a provincial.

Sexta.-As entidades beneficiarias destas axudas están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na redacción dada polo artigo 13 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Promoción do Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2006.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR351B	DOCUMENTO SOLICITUDE S-1
---	---	------------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
ENDEREZO			
TELÉFONO	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

RESPONSABLE DA XESTIÓN POR PARTE DA ENTIDADE, OU PERSOA DE CONTACTO

NOME		
POSTO QUE DESEMPEÑA	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		

D./Dña. _____, en calidade de _____

da entidade citada,

SOLICITA:

A concesión da subvención prevista na orde da Consellería de Traballo do ____ de _____ de 2006, para:

☐ A contratación de _____ axentes de emprego desenvolvemento local.

DECLARA que:

- A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica a seguir.
- Acepta as actuacións de comprobación previstas na orde de convocatoria.
- Os datos desta solicitude son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (CÓDIGO PROCEDEMENTO TR351B)

- ☐ CERTIFICADO DO SECRETARIO DA ENTIDADE LOCAL EN QUE CONSTAN OS EXTREMOS SINALADOS NO ARTIGO 5º.4.I).
- ☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE LOCAL.
- ☐ PLAN DE ACCIÓN PARA O EMPREGO QUE VAI DESENVOLVER CADA AXENTE OU GRUPO DE AXENTES SEGUINDO A ESTRUCTURA DEFINIDA NO ARTIGO 5º.4.III).
- ☐ DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES (ANEXO II).
- ☐ FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA (ANEXO IV).
- ☐ DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIOS (ART. 13.2º DA LEI 38/2003) (ANEXO III).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 2 de agosto de 2006 pola que se convocan para o ano 2006 as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito da colaboración coas entidades locais.

SINATURA DO REPRESENTANTE

_____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE REXISTRO
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Delegado/a provincial da Consellería de Traballo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO II

UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE
DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES**

D. /Dña. _____, con DNI _____ solicitante dunha axuda en representación da entidade _____, para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local ao abeiro da Orde do _____, declara que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/s e lle foille/fóronlle concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA Á CAL LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATAS DE		CONTÍA
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar DENEGADA.

☐ Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida nengunha axuda para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

Asdo.: _____

Delegado/a provincial da Consellería de Traballo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO III

UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

D./Dña. _____, con DNI _____ solicitante dunha axuda en representación da entidade _____, para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local ao abeiro da Orde do _____ pola que se convocan para o ano 2006 as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito da colaboración coas entidades locais,

DECLARA:

Que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Asdo.: _____

Delegado/a provincial da Consellería de Traballo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO IV

UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO			
POBOACIÓN (INDICAR C.P.)		TELÉFONO	
DATOS DA CONTA			
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA
_____	_____	_____	_____
BANCO			
ENDEREZO	C.P.	LOCALIDADE	
_____	_____	_____	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Delegado/a provincial da Consellería de Traballo

